



Propostas para unha xestión municipal preventiva e sustentable dos residuos urbanos

Febreiro 2018

1. A xestión de residuos, unha cuestión de leis e valores.

A Directiva 2008/98 da UE, relativa aos residuos, foi desenvolvida co obxectivo esencial da protección da saúde humana e do ambiente contra os efectos nocivos dos residuos. Esta Directiva, que é o marco ao que todos os países da UE deben cingirse na xestión do lixo, determina tamén a xerarquía de importancia ou prioridade nas opcións de xestión que son (nesta orde):



- Prevención da xeración de residuos e redución (tanto do volume de residuos como da súa perigosidade);
- Preparación para a reutilización (arranxar e limpar obxectos para volver utilízalos);
- Reciclahe;
- Outros tipos de valorización;
- Eliminación

Sendo a **primeira prioridade a non-xeración dos residuos**, esta non deixa de ser unha opción moi pouco implementada polas administracións, quedando a maior parte dos esforzos cara a reciclahe. Porén, continuamos a manter un modelo económico-productivo lineal, no que grandes cantidades de materias primas rematan na súa maior parte en forma de lixo.

Dende o ecoloxismo, loitamos por unha idea de sociedade sustentable, no sentido de sociedade xusta e perdurable no tempo. Unha sociedade que viva na solidariedade intraxeracional e tamén interxeracional: o consumo descontrolado de recursos fomenta as desigualdades entre persoas e países e pon en perigo a viabilidade das nosas sociedades no futuro. Queremos destacar que a xestión sustentable dos residuos atinxe non só cuestións legais, mais tamén os nosos valores como individuos e sociedade.

2.A redución debe ser a prioridade de calquera modelo de xestión.

O modelo lineal no que estamos inmersos é a orixe da gran dilapidación de recursos naturais e a consecuente xeración de residuos. É preciso un desacoplamento urxente entre a riqueza e o consumo, apostando por unha economía circular que free a demanda de recursos e reduza o problema do progresivo crecemento dos residuos.



Fonte: Plan de Xestión de residuos urbanos de Galicia 2010- 2020

Para camiñar cara a imprescindible redución, propomos as seguintes ideas:

- Un programa de participación activa da cidadanía en pro da redución de residuos, que teña como base de traballo unha campaña forte de Educación Ambiental encamiñada á información e á sensibilización da sociedade sobre a realidade e evolución da xeración de residuos, e os prexuízos, na saúde e no ambiente, da súa acumulación e dos beneficios da redución.

- Implantar un proxecto piloto de prevención de residuos a nivel domiciliario incidindo nos hábitos de consumo diarios (tipo de compra, recollida selectiva, compostaxe da fracción orgánica).

- Realización de programas educativos para a cidadanía en xeral en contra da sobreemalaxe e os envases mixtos (tetrabrick e similares). Consideramos que merece unha mención especial, o residuo específico da “Bolsa de Plástico dun só uso”, por ser este unha das iconas máis simbólicas da cultura do Usar e Tirar da nosa sociedade, que comercios e tendas distribúen de xeito gratuito ou a baixo custo para o transporte de mercadorías e que supoñen un grave problema para o medio.

Para este residuo, cremos que se deben tomar medidas específicas e obrigatorias de redución e progresiva eliminación; está máis que demostrado que os acordos voluntarios non son efectivos.

Aliás, cumpre salientar que non consideramos en absoluto axeitada a substitución das mesmas por bolsas biodegradables, considerando que esa non é a solución ás bolsas dun só uso.

3. Potenciación e apoio á Reutilización.

A reutilización, a pesar de ser o segundo eslavón da xerarquía sustentábel de xestión dos residuos continúa a ser a grande esquecida, sendo a asignatura na que peor nota sacan todas as administracións públicas. A Directiva Marco Europa e a súa transposición en España, a Lei de Residuos, unifican a preparación para a reutilización coa reciclaxe, quedando a primeira relegada. Isto ocorre porque a reciclaxe está máis instaurada nos sistemas industriais, e ademais fomenta unha maior fabricación e distribución, con todos os impactos ambientais que isto xenera.

As iniciativas existentes (centros de troco, doazón recollida) sempre veñen de organizacións sociais e nunca de entidades oficiais. De feito, a recollida de residuos nos puntos limpos está deseñada para que non se produza ningún tipo

de reutilización. O depósito de residuos en profundos contenedores provoca a rotura de produtos que podían seguir funcionando.

É necesario poñer no lugar da xerarquía que se merece a reutilización, e para alguns tipos de residuos, os sistemas son sinxelos de implantar, como a roupa e téxtiles, residuos eléctricos e electrónicos, mobles, envases de vidro e plástico.

A reutilización supón un aforro enerxético e de materiais; para acadar cifras reais de redución de residuos, consideramos necesaria a posta en marcha de sistemas de reutilización, de xeito alternativo ou substitutivo dos actuais SIX (Sistemas integrados de xestión), que destinan os residuos directamente á segregación para reciclar, verter ou incinerar.

Para fomentar a reutilización, proponemos varias ideas:

- Reforzar a cultura da reutilización, facendo fincapé na economía social e solidaria como fórmula para acadar o obxectivo de reducir residuos domésticos, electrónicos e informáticos.¹

- Prolongar a durabilidade e reutilizabilidade dos produtos: alongando a súa vida útil e facendo unha recollida dos voluminosos eficaz que permita a súa recuperabilidade e que responsabilice as empresas produtoras da xestión de residuos como lámpadas, pilas, baterías ou pneumáticos.

Como punto importante, no desenvolvemento de iniciativas, consideramos os **Puntos Limpos** como equipamentos ambientais con gran potencialidade. Poden comezar a mellorar o seu funcionamento servindo de centros de asesoramento, educación e prevención sobre residuos, ademais de poder crear redes de intercambio, a través de unidades móbiles, que alonguen a vida útil dos produtos.

¹Amigos da Terra ten en marcha a campaña Alargascencia, unha rede colaborativa de iniciativas pola reutilización, reparación e durabilidade dos produtos:
<https://alargascencia.org/gl>

- Posta en marcha dun banco de electrodomésticos e dispositivos reutilizables que permita a canalización segura dos inservibles para a reciclaxe.

- Os SDDR (sistemas de devolución, depósito e retorno) como demostración de que a reutilización é o mellor modo de recuperación de residuos de envases que non chegan á cadea de reciclaxe ou quedan abandonados no medio natural.

Cada día, no noso país abandonanse no medio ambiente, vertense ou incineranse 28 millóns de envases de bebidas e, doutros 4 millóns non se coñece o seu destino. Estes datos poñen en evidencia que o sistema actual de xestión ten uns índices de recollida selectiva insuficientes.

Esta realidade podería mellorar ao implementar o SDDR como un modelo paralelo que, consiste en asociar un valor económico a cada envase para que este retorne a cadea de produción nas mellores condicións para a seu reciclado. As vantaxes do SDDR son unha realidade nas mais de 40 rexións nas que xa funcionan con éxito, como é o caso de Alemania, Suecia, Dinamarca, Australia ou Canadá; países líderes en materia económica ou medioambiental que están acadando taxas de recollida selectiva de envases de ata o 98% e cunha calidade dos materiais recuperados moi superior que facilita a súa reciclaxe.

4. Compostaxe como sistema de tratamento da materia orgánica.

A compostaxe, técnica de transformación dos residuos orgánicos a través de organismos descompoñedores nun abono de elevada calidade, é unha gran aliada na prevención de residuos urbanos orgánicos:

- apostar pola compostaxe doméstica axuda a que a poboación tome conciencia sobre a problemática dos residuos;
- reduce a cantidade de residuos orgánicos urbanos que acaban en vertedoiros ou incineradoras;
- mellora a eficacia da recollida selectiva mediante a separación nos fogares da materia orgánica.

Neste contexto, propomos promover a compostaxe dende o orixe:

- Compostaxe doméstica na periferia. A autocompostaxe individual é un proceso sinxelo complementario ao servizo de recollida de residuos habitual, xa que, permite xestionar os residuos orgánicos, que constitúen entre o 40-50% da bolsa de lixo dos fogares galegos, no mesmo punto da súa xeración. De este xeito pechamos o ciclo da materia orgánica transformando, cun custe económico mínimo comparado con outros sistemas de tratamento de residuos, a materia orgánica e os restos vexetais nun abono de elevada calidade para as nosas plantas.

Para reducir e evitar a queima de podas, pódese poñer en marcha un sistema de préstamo de biotrituradoras domésticas, que facilite á veciñanza a xestión in situ, á vez que garante a necesidade de materia estruturante para os seus composteiros.

- **Compostaxe nas hortas comunitarias.** As hortas urbanas supoñen una oportunidade para o desenvolvemento de experiencias de compostaxe comunitaria. Son áreas nas que ademais de producirse grandes cantidades de residuos orgánicos, contan con espazos para acoller os módulos de compostaxe e con colectivos de xente implicada e concienciada na necesidade de utilizar enmiendas orgánicas nos cultivos. Este tipo de iniciativas teñen un forte compoñente educativa e de concienciación, ademais de contribuir fortemente á redución e transformación dos restos orgánicos.

- **Compostaxe comunitaria en barrios residenciais en altura.** Nas zonas urbanas nas que non é posible realizar compostaxe doméstica, pódese recurrir á compostaxe dos residuos orgánicos que se xeran nos distintos fogares nun punto centralizado compartido polo participantes e situado nunha zona verde preto dos seus fogares.²

5. Porta a porta para grandes produtores

Os residuos xerados polos grandes produtores, supoñen unha importante porcentaxe do lixo municipal.

Unha recollida porta a porta desta fracción, suporía unha mellora sustancial da recollida selectiva do resto das fraccións e aumentaría a calidade da materia orgánica recollida destinada á compostaxe.

O porta a porta ademais é unha ferramenta idónea para implementar medidas como o **pago por xeración**, que ademais de identificar a orixe dos residuos, é unha medida economicamente xusta, pois unicamente se paga polo que se xenera, incentivando así a redución de residuos e a mellora da separación selectiva.³

² A Deputación de Pontevedra ten en marcha un plan de compostaxe comunitaria en diversos concellos da provincia, con excelentes resultados: <https://www.depo.gal/plan-compost-revitaliza/que-e-o-compost>.

6. Un modelo de xestión de residuos sustentable, axuda a frear o cambio climático

O cambio climático é un dos problemas ambientais mais graves ao que nos enfrentamos na actualidade. As emisións difusas de gases de efecto invernadoiro son as mais difíciles de combater pois proceden de diversas fontes, entre as que se atopa o transporte dos residuos para a súa posterior xestión.

O sector dos residuos contribúe actualmente co 5% das emisións totais de GEI a nivel nacional. Según datos da Oficina de Cambio Climático Española, o potencial de redución neste sector é inxente . Aplicando correctamente a xerarquía de residuos poderíamos obter no sector un saldo negativo en canto a emisións de GEI.

Foi demostrado que o tratamento máis sustentable non só en canto a emisións de gases de efecto invernadoiro senon en consumo de enerxía, materia e transporte, é a compostaxe descentralizada ou doméstica.⁴

Por este motivo, é primordial apostar por medidas que por un lado reduzan a cantidade de residuos que se xeneran, e por outro, promovan a súa xestión o mais preto posible do punto de xeración, aplicando así o desexado principio de proximidade.

3A asociación de municipios catalans para a recollida selectiva ten elaborado un manual que pretende ser inspiración para Municipios que decidan apostar por este sistema.

http://www.portaaporta.cat/documents/arxiu_portaaporta_101.pdf

4Informe de Amigos da Terra sobre a compostaxe como receita para reducir emisións de GEI:
https://www.tierra.org//wp-content/uploads/2016/01/compostaje_reducir_huella_carbono_estatal.pdf